

GUÍA DE MERCADO



PRODUTOS DE MADEIRA  
PARA A CONSTRUCCIÓN

XUNTA DE GALICIA

**Como citar:**

XERA (2020). Guía de Mercado CE. Produtos de madeira para a construción.

Axencia Galega da Industria Forestal.

Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En colaboración coa *Plataforma de Enxeñaría da Madeira Estrutural (PEMADE)* da *Universidade de Santiago de Compostela (USC)*

**Copyright © 2020:**

Xunta de Galicia.

Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Axencia Galega da Industria Forestal.

© da tradución, Árbore Azul, 2020

**Depósito Legal:**

C 1081-2020

# ÍNDICE

01	Introdución	4
02	Que é o mercado CE	5
03	Mercado CE obrigatorio. Cando e como	7
04	Mercado CE obrigatorio. Normas harmonizadas	9
05	Mercado CE obrigatorio. Produtos de madeira	11
06	Mercado CE voluntario. Cando e como	13
07	Mercado CE voluntario. Produtos de madeira	15
08	Mercado CE. Exencións e consultas	17
09	Fabricante e Organismos Notificados	19
10	Sistema de Avaliación e Verificación da Constancia de Prestacións (EVCP)	21
11	Documentación	23
12	Procedementos simplificados	25
13	Vixencia do mercado CE	27
14	Exemplos de declaración de prestacións e mercado CE	29
15	Tarefas e obrigas dos axentes económicos	31
16	Paso a paso	34
17	Fichas de produtos	38
18	Terminoloxía abreviada/Páxinas web de consulta	89
19	Bibliografía	92



## INTRODUCCIÓN

○ **“Convenio de colaboración para a posta en valor das especies forestais de crecemento en Galicia e a promoción da madeira na construción”** asinado entre a **Axencia Galega da Industria Forestal (XERA)** e a **Universidade de Santiago de Compostela (USC)** enmárcase dentro do ámbito estratéxico da **promoción da construción con madeira, definido na Axenda de Impulso da Industria Forestal da Xunta de Galicia.**

O convenio ten como primeiro obxectivo a posta en valor das especies forestais de crecemento en Galicia, a través da caracterización estrutural das especies con máis representación no territorio. O segundo dos obxectivos é a promoción da madeira na construción mediante o impulso do produto local e a transferencia da investigación realizada.

**A Guía de Mercado CE é un dos resultados deste convenio e está destinada a poñer a disposición de fabricantes e prescritores información práctica sobre o proceso de tramitación do mercado CE para produtos de madeira para construción.**

**A guía foi elaborada pola Plataforma da Madeira Estrutural (PEMADE) e extrae gran parte do seu contido xeral do actual REGULAMENTO (UE) N.º 305/2011 do Parlamento Europeo e do Consello do 9 de marzo de 2011,** que establece condicións harmonizadas para a comercialización de produtos de construción e derrógase a Directiva 89/106/CEE do Consello (de aquí en diante REGULAMENTO).

Para o contido específico de produtos de madeira, a guía está apoiada en normas harmonizadas e outros documentos citados no apartado de Bibliografía.

**Abarca a definición de conceptos xerais e a explicación do procesamento pola vía CEN cando o mercado é obrigatorio e pola vía EOTA cando é voluntario,** mencionando en cada caso diversos produtos de madeira para a construción coa correspondente especificación técnica harmonizada de aplicación.

Tamén contén **fichas específicas para produtos de madeira con mercado CE obrigatorio,** indicando as características esenciais e os Sistemas de Avaliación e Verificación de Prestacións que se van aplicar.

# QUE É O MARCADO CE

## Que significa o mercado CE?

De forma práctica podería dicirse que é o **Pasaporte no Espazo Económico Europeo dos produtos** de construción para a súa comercialización.

O mercado CE permite que os produtos de construción poidan circular por todos os Estados membros da UE, evitando novas avaliacións e certificacións.

Ao colocar o mercado CE, o fabricante declara unha serie de prestacións do produto e asume a responsabilidade da **conformidade do produto de construción coas prestacións declaradas**, e que estas definíronse mediante a aplicación da especificación técnica europea aplicable.

**Xunto coa declaración de prestacións, o mercado CE axuda aos clientes e usuarios a comprobar as prestacións do produto e a poder comparalo con outros.**

O mercado CE **non asegura o cumprimento de todas as disposicións legais que gravitan sobre** o produto, xa que poden existir disposicións nacionais propias de cada Estado membro.

O documento que regula a comercialización en Europa de produtos para a construción e, polo tanto, o proceso do mercado CE, **é o REGULAMENTO (UE) N.º 305/2011 do Parlamento Europeo e do Consello do 9 de marzo de 2011, polo que se establecen condicións harmonizadas para a comercialización de produtos de construción, e derrégase a Directiva 89/106/CEE do Consello.**

## O que NON é:

- O Mercado CE **non é unha certificación de orixe**, é dicir, non é sinónimo de fabricado na UE.
- O Mercado CE **non é unha marca de calidade**, polo que non implica que o produto ofrece garantías extra de calidade ao consumidor.
- O Mercado CE **non ampara certos aspectos** fundamentais para a vida en servizo dun produto, **como o deseño construtivo e o cálculo estrutural**, é dicir, que a presenza do Mercado CE non representa ningunha garantía respecto da capacidade de carga, resistencia ao lume, etc., xa que son aspectos que dependen do proxectista.

## Que beneficios aporta o mercado CE?

### ■ **Confianza e seguridade.**

O Mercado CE é unha indicación de produción de acordo coas Directivas de Novo Enfoque publicadas na Unión Europea, o que aporta confianza e seguridade ao comprador e ao consumidor. Especialmente nos produtos de madeira para a construción, e dada a heteroxeneidade do material, o mercado CE garante unhas determinadas prestacións que aportan confianza aos técnicos prescrites e aos usuarios finais.

### ■ **Facilita e economiza as relacións comerciais entre países da Unión Europea.**

### ■ **Homoxeneidade nas prestacións.**

Garántese a través dos Sistemas de Avaliación e Verificación da Constancia de Prestacións, reducindo tamén as marxes de erro.

### ■ **Competitividade.**

Sería vantaxe competitiva para o fabricante que reforza a imaxe da empresa, en comparación con produtos que carecen do mercado CE.

### ■ **Facilidade de prescrición.**

Grazas á declaración de prestacións, os técnicos poden avaliar, comparar e escoller; esixindo o que realmente seleccionaron.



# MARCAO CE OBRIGATORIO CANDO E COMO




## Cando é obrigatorio o marcado CE?

O mercado CE é obrigatorio para a maior parte dos produtos de construción fabricados en calquera parte do mundo que se queren vender na Unión Europea.

**Para un produto de construción determinado, o mercado CE é obrigatorio se está dentro do ámbito de aplicación dunha norma harmonizada.**

O procedemento é vía **CEN** (Comité Europeo de Normalización).

Para os produtos que non é obrigatorio, o mercado é posible a través da Vía EOTA (Organización Europea de Avaliación Técnica). (Ver apartado 06)





## Proceso Vía CEN (Comité Europeo de Normalización)


**Avaliación dos produtos** mediante a definición das prestacións dunha serie de **características esenciais** que se inclúen no **anexo ZA da norma harmonizada** correspondente.

**Realización das distintas tarefas segundo o Sistema de Avaliación de Verificación de Constancia de Prestacións (EVCP)** que o anexo ZA establece para cada característica esencial. Dependendo do sistema, hai tarefas que son responsabilidade do fabricante e outras responsabilidade dun ou máis Organismos Notificados (se procede).

O fabricante deberá archivar a **Documentación de Referencia** (ensaios, certificados, etc.)

A **Declaración de Prestacións (DdP)** realizarase como resultado das avaliacións e deberá acompañar o produto.

Finalmente, elaborárase a etiqueta de **Marcado CE**.



# MARCAO CE OBRIGATORIO

## NORMAS HARMONIZADAS

### Que é unha norma harmonizada?

As normas harmonizadas son **normas nas que se describe como verificar os requisitos establecidos polas directivas** no ámbito da seguridade, saúde e protección do medio ambiente.

É unha **norma técnica aprobada por un Organismo Europeo de Normalización (CEN)** elaborada baixo un mandato da Comisión Europea.

A norma é **“harmonizada”** cando as súas referencias **publícanse no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE)**.

A **información para o mercado CE atópase no anexo ZA da norma**.

### Como buscar unha norma harmonizada. Paso a paso:

- **PASO 1:** a través do buscador da **web do Comité Europeo de Normalización (CEN)** pódese buscar mediante **palabras chave en inglés sobre o produto**, e obter resultados das normas CEN que lles afectan: [BUSCADOR NORMAS CEN](#)
- **PASO 2:** para saber se unha norma é harmonizada e a súa referencia foi publicada no DOUE, débese buscar a **última actualización da publicación de títulos e referencias de normas harmonizadas** no Diario Oficial da Unión Europea: [DOUE](#)
- **PASO 3: España**, como país membro, ten a obriga de traspasar estas normas a normas nacionais (UNE-EN), que se poden atopar a través do buscador da web da **Asociación Española de Normalización e Certificación**: [BUSCADOR NORMAS AENOR](#)



## Substitución e coexistencia de normas harmonizadas

Na última actualización da publicación de títulos e referencias de normas harmonizadas no Diario Oficial da Unión Europea (Paso 2) pódese comprobar se a norma harmonizada é nova ou substitúe a unha previa. Tamén recolle a data de aplicación como norma harmonizada, e o período de coexistencia entre ambas en caso de haber unha previa.

A táboa inferior é un exemplo do contido deste documento, en relación a dúas normas harmonizadas que afectan a **dous produtos concretos de madeira**.

Diario Oficial  
de la Unión Europea



REFERENCIA E TÍTULO DA NORMA	Referencia da norma retirada e substituída	Data de aplicabilidade como norma harmonizada	Data en que finaliza o período de coexistencia
<b>EN 14080:2013</b> Estruturas de madeira. Madeira laminada encolada e madeira maciza encolada. Requisitos.	<b>EN 14080:2005</b>	<b>8.8.2014</b>	<b>8.8.2015</b>
<b>EN 14081-1:2005+A1:2011</b> Estruturas de madeira. Madeira estrutural con sección transversal rectangular clasificada pola súa resistencia. Parte 1: Requisitos xerais.	<b>EN 14081-1:2005</b>	<b>1.10.2011</b>	<b>31.12.2011</b>

# MARCADO CE OBRIGATORIO

## PRODUTOS DE MADEIRA



### Produtos ESTRUTURAIS de madeira para construción

A táboa inferior recolle determinados **produtos estruturais de madeira para a construción**, para os que o mercado CE é obrigatorio. Amósanse as normas harmonizadas que cobren os produtos e o seu ámbito de aplicación.

PRODUTOS ESTRUTURAIS E DE PECHAMENTO	NORMA HARMONIZADA (CEN)	TRANSPOSICIÓN ESPAÑA (AENOR)
Madeira <b>aserrada</b> para uso estrutural con sección rectangular	EN 14081-1:2016	<b>UNE-EN 14081-1:2016</b>
Madeira <b>maciza</b> estrutural con empalmes por <b>unión dentada</b>	EN 15497:2014	<b>UNE-EN 15497:2014</b>
Madeira <b>laminada encolada</b> e madeira <b>maciza encolada</b>	EN 14080:2013	<b>UNE-EN 14080:2013</b>
Madeira <b>microlaminada</b> (LVL)	EN 14374:2004	<b>UNE-EN 14374:2005</b>
<b>Taboleiros</b> derivados da madeira para utilización na construción (estruturais e non estruturais)	EN 13986:2004+A1:2015	<b>UNE-EN 13986:2006+A1:2015</b>
<b>Armazóns</b> prefabricados ensamblados con conectores de <b>placa cravo</b>	EN 14250:2010	<b>UNE-EN 14250:2010</b>

## Produtos de CARPINTARÍA de madeira para construción

A táboa inferior recolle determinados **produtos de carpintaría de madeira para a construción** para os que o marcado CE é obrigatorio. Amósanse as normas harmonizadas que cobren os produtos e o seu ámbito de aplicación.

PRODUTO DE CARPINTARÍA	NORMA HARMONIZADA (CEN)	TRANSPOSICIÓN ESPAÑA (AENOR)
<b>Pavimentos</b> de madeira e parqué	EN 14342:2013	UNE EN 14342:2013
<b>Frisos e entaboados</b> de madeira	EN 14915:2013+A1:2017	UNE-EN 14915:2013+A1:2017
<b>Fiestras e portas</b> peonís exteriores	EN 14351-1:2016+A2:2016	UNE-EN 14351-1:2016+A2:2017
<b>Portas y fiestras</b> practicables. <b>Resistencia ao lume</b> e fume	EN 16034:2014	UNE-EN 16034:2015

# MARCAO CE VOLUNTARIO

## CANDO E COMO

### Proceso Vía EOTA.

(Organización Europea de Avaluación Técnica)

Se o produto que se **quere comercializar** non está cuberto por ningunha norma harmonizada, **é posible realizar o marcado CE de forma voluntaria, vía EOTA**

(Organización Europea para a Avaluación Técnica)

- **Comprobar se o produto e o seu ámbito de aplicación está cuberto por algún DEE** (Documento de Avaluación Europeo)
- **Se o produto SI se atopa cuberto por un DEE**, deberase encargar a un **OET (Organismo de Avaluación Técnica)** que **avalíe o produto con fins de marcado CE e emita unha ETE (Avaluación Técnica Europea)** propia para o produto concreto en base ao DEE.
- Se o produto **NON se atopa cuberto por un DEE**, deberase encargar a un **OET (Organismo de Avaluación Técnica)** que elabore un **DEE (Documento de Avaluación Europeo)** para o tipo de produto de construción; para posteriormente emitir unha ETE.



## Que é un DEE/EAD?

O **Documento de Avaliación Europeo (DEE) / European Assessment Document (EAD)** recolle o esquema de **avaliación harmonizado a nivel europeo** para os produtos e usos non regulados ou innovadores. (O termo utilizado no marco da Directiva derogada era **Guía de DITE**).

O **DEE inclúe** como mínimo unha descrición xeral do produto, a lista de **características esenciais** que sexan pertinentes a efectos do uso previsto polo fabricante, e acordado entre o fabricante e a EOTA, así como os **métodos e criterios para avaliar as prestacións do produto** respecto a ditas características esenciais. Tamén inclúe os **principios para o control de produción en fábrica** que deben aplicarse.

## Que é unha ETE/ETA?

A **Avaliación Técnica Europea (ETE) / European Technical Assessment (ETA)** é o documento que fai posible a **Declaración de Prestacións e o mercado CE**. (O termo utilizado no marco da Directiva derogada era **DITE**).

A **ETE** recolle a avaliación técnica do rendemento dun produto ou equipamento dun fabricante en relación coas características esenciais aplicables ao uso previsto polo fabricante. A ETE elabórase de **acordo co documento europeo de avaliación (DEE)**, que cobre o produto e os seus usos previstos.



O listado de documentos DEE e o seu contido pódese consultar no [BUSCADOR DE EAD DA EOTA](#)

O listado de OET/TAB pódese consultar e filtrar por país no buscador de [NANDO](#) (Organismos Notificados e Designados de Novo Enfoque).



### Validez da antiga Guía DITE e antigo DITE:

Ver apartado 13 (Vixencia de Mercado CE).

# MARCAO CE VOLUNTARIO

## PRODUTOS ESTRUTURAIS DE MADEIRA



### Exemplos dalgúns produtos estruturais innovadores para os que xa existe aprobado un DEE / EAD.

A seguinte táboa recolle algúns dos DEEs (EADs) da área de “Produtos 13” do Regulamento (produtos de madeira e auxiliares); ou Guía DITE (ETAG) en caso de desenvolverse e aprobarse no marco da Directiva derogada.

Pódese acceder ao buscador de DEEs (EADs) da EOTA na seguinte [LIGAZÓN](#), onde se pode buscar por área de produto.

TIPOLOXÍA DE PRODUTO E EXEMPLOS DE DOCUMENTOS	EAD/ETAG
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ <b>Madeira contralaminada con distintas variantes: encolada; unida mediante espigas; con conexións en cola de andoriña; mediante elementos lineais contralaminados...</b></li> </ul>	
<p>Elemento superficial de madeira maciza: elemento formado por tableiros unidos mediante conectores de madeira para uso estrutural en edificios.  <i>Solid wood slab element - element of dowel jointed timber boards to be used as a structural element in buildings.</i></p>	EAD 130002-00-0304
<p>Elemento superficial de madeira maciza para uso como elemento estrutural en edificios.  <i>Solid wood slab element for use as structural element in buildings.</i></p>	EAD 130005-00-0304
<p>Elemento superficial de madeira maciza: elemento estrutural para edificios, constituído por pezas de madeira maciza unidas por conexións en cola de andoriña.  <i>Solid wood slab element to be used as a structural element in buildings - element of timber boards jointed by dovetail connections.</i></p>	EAD 130013-00-0304
<p>Elemento estrutural prefabricado feito de pezas de madeira laminadas unidas e cruzadas para uso en edificios.  <i>Prefabricated wood slab element made of jointed cross laminated log elements to be used as a structural element in buildings.</i></p>	EAD 130191-00-0304



TIPOLOXÍA DE PRODUTO E EXEMPLOS DE DOCUMENTOS	EAD/ETAG
<b>■ Kit de construción con madeira de diversas tipoloxías</b>	
Kit de construción de edificios prefabricados de estrutura de madeira. <i>Timber building kits.</i>	ETAG 007
Sistema de construción modular. <i>Modular construction system.</i>	EAD 130087 -00-0204
<b>■ Vigas alixeiradas, mixtas, tipo I-joist; paneis alixeirados con illamento...</b>	
Vigas e piares lixeiros compostos a base de madeira. <i>Light composite Wood-based beams and colums.</i>	ETAG 011
<b>■ Paneis estruturais alixeirados, tipo caixón, paneis SIP...</b>	
Paneis a base de madeira prefabricados portantes de caras tensionadas. <i>Prefabricated wood-base loadbearing stressed skin panels.</i>	ETAG 019
<b>■ Construción con muros de troncos</b>	
Madeira estrutural clasificada pola súa resistencia — Troncos escuadrados con xemas — Castiñeiro. <i>Strength graded structural timber - square edged logs with wane - chestnut.</i>	EAD 130012 -00-0304
Troncos de madeira monolíticos ou laminados para muros e vigas. <i>Monolithic or laminated beam and wall logs made of timber.</i>	EAD 130022 -00-0304
Madeira estrutural clasificada pola súa resistencia — Troncos escuadrados con xemas — madeira de coníferas. <i>Strength graded structural timber - square edged logs with wane - softwood.</i>	EAD 130167 -00-0304

Nota: Os documentos de avaliación europeos (EAD) son adoptados en inglés pola Organización Europea para a Avaliación Técnica (EOTA). A Comisión Europea non se fai responsable da exactitude dos títulos en castelán que lle proporcionara a EOTA para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea. Os títulos en galego son una tradución da citada versión en castelán.

# MARCADO CE

## EXENCIÓN E CONSULTAS



O mercado CE é sempre obrigatorio se hai unha norma harmonizada que cubra o produto e o seu ámbito de aplicación?

O Regulamento establece que o mercado CE é obrigatorio para produtos con norma harmonizada; sen embargo, hai certas excepcións.

Exencións:

- Produtos de **fabricación individual** ou feitos a medida para un uso **determinado**.
- Produto de construción **fabricado no propio lugar de construción** para a súa incorporación á obra.
- Produtos elaborados mediante **procesos tradicionais co fin de garantir a conservación das obras protexidas oficialmente** (patrimonio, edificios históricos, etc).

Para acollerse a algunha destas excepcións, aconséllase **consultalo co Punto de Contacto de Produtos no país no que se desexa comercializar**.



## Punto de Contacto de Produtos en España

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO

SECRETARÍA DE ESTADO DE COMERCIO

Dirección General de Política Comercial y Competitividad

**Subdirección General de Inspección, Certificación y  
Asistencia Técnica del Comercio Exterior**

Enderezo: Paseo de la Castellana, 162, 28046 Madrid


Tfno. +34 913493769

Correo electrónico: [pcontactpoint@mincotur.es](mailto:pcontactpoint@mincotur.es)



## Punto de Contacto doutros Estados Membros

Pódense atopar os contactos na seguinte [LIGAZÓN A PUNTOS DE CONTACTO EUROPEOS](#)



## FABRICANTE E ORGANISMOS NOTIFICADOS

### ▶ Cales son as tarefas do Fabricante en relación á obtención do mercado CE?

O fabricante é responsable de declarar as Prestacións do Produto; da súa avaliación previa<sup>1</sup> (depende do Sistema de EVCP); e de poñer en marcha e manter no tempo o **Control de Producción en Fábrica**, xa sexa mediante os seus **procedementos internos para o control da constancia de prestacións**, como coa intervención de **laboratorios externos**.

Os resultados da avaliación e do control de produción en fábrica permitiranlle verificar se as prestacións se manteñen sen cambios no transcurso do tempo.

O termo legal para describir este proceso é “**Avaliación e Verificación da Constancia das Prestacións**” (EVCP) e os verificadores externos son os **Organismos Notificados**.

O fabricante deberá contratar a un ou varios **Organismos Notificados** en función dos **Sistemas EVCP** que se contemplan para cada característica esencial na norma harmonizada ou DEE que cubra ao produto e o seu ámbito de aplicación.

A avaliación dos produtos realízase mediante a **definición do valor dunha serie de Características Esenciais**.

Tanto o **anexo ZA das normas harmonizadas** como os **Documentos de Avaliación Europeos (DEE)** recollen un listado completo destas Características Esenciais e o sistema EVCP para cada unha delas. O listado pode ser diferente para cada uso previsto do produto.

(1) Nos produtos nos que se elaborou un ETE baseado nun DEE, a OET leva a cabo a avaliación.



O listado de **Organismos Notificados** de calquera Estado membro pódese consultar no [BUSCADOR DE ORGANISMOS NOTIFICADOS DE NANDO](#)

## ▶ Que é un Organismo Notificado e cales son as súas tarefas?

De acordo coa Comisión Europea, un **Organismo Notificado** é unha **organización designada por un Estado membro da UE para avaliar a conformidade de certos produtos antes de que se lancen ao mercado**. Estes organismos levan a cabo labores relacionadas con procedementos de avaliación de conformidade en base á lexislación vixente cando se necesita unha **terceira parte**.

Os **Organismos Notificados** son entidades independentes e imparciais coa competencia e responsabilidade pertinentes para levar a cabo a avaliación e verificación da constancia das prestacións de acordo coas normas de procedemento e de xestión establecidas. En España, os **Organismos Notificados** deben estar acreditados por ENAC, Entidade Nacional de Acreditación.

**As tarefas concretas do Organismo Notificado defínense nas normas harmonizadas ou DEE que cobren a un produto e o seu ámbito de aplicación, en función do tipo de Sistema de EVCP que se estableza para cada característica esencial a declarar.**



# SISTEMA DE AVALIACIÓN E VERIFICACIÓN DA CONSTANCIA DE PRESTACIÓNS (EVCP)

## Que Sistema de EVCP se debe seguir?

Existen **CINCO** tipos de **SISTEMAS EVCP** denominados: **1+, 1, 2+, 3 e 4**.

O anexo ZA da norma harmonizada ou o **capítulo 3 do DEE** que cobre o produto, inclúe o **tipo de Sistema EVCP e os procedementos a seguir** (métodos de ensaio ou valores tabulados...) para declarar as prestacións de cada unha das **Características Esenciais**.

Dependendo do Sistema EVCP a seguir, algunhas tarefas poderán ser realizadas polo fabricante e para outras será necesaria a intervención dun Organismo Notificado.

Se todas as características do produto se encadran no **sistema 4**, **non é necesaria a intervención dun organismo notificado**. Se se encadran no **sistema 3**, o produto debe someterse a ensaio por parte dun organismo (neste caso, un **laboratorio notificado**), que pode ser diferente para cada característica esencial. Se corresponden aos **sistemas 1, 1+ o 2+**, o **organismo notificado colabora co fabricante durante** a avaliación e exerce algunhas tarefas na fábrica, polo que normalmente o mellor é contratar un só organismo notificado para desempeñar todas as tarefas.

TAREFAS	SISTEMA EVCP				
	1+	1	2+	3	4
Avaliación das Prestacións <sup>1</sup>	ON	ON	F	ON	F
Control de Producción en Fábrica (CPP)	F	F	F	F	F
Ensaio adicional de mostras tomadas polo fabricante	F	F	F		
Inspección inicial de planta e Control de Producción en Fábrica	ON	ON	ON		
Vixilancia, avaliación e supervisión permanente do CPF	ON	ON	ON		
Ensaio mediante mostras tomadas polo Organismo Notificado	ON				

(1) Nos produtos nos que se elaborou un ETE baseado nun DEE, a OET leva a cabo a avaliación.

F: Fabricante ON: Organismo Notificado

## Que documentos deben emitir os Organismos Notificados, en caso de ser necesaria a súa intervención?

Depende do Sistema de Avaliación e Verificación da Constancia de Prestacións, tal e como recolle a seguinte táboa:

REGULAMENTO EN VIGOR		DIRECTIVA DERROGADA	
S. EVCP	DOCUMENTO	S. EC	DOCUMENTO
1+	Certificado de Constancia das Prestacións	1+	Certificado CE de Conformidade
1			
2+	Certificado de Conformidade do Control de Producción en Fábrica	2+	Certificado do Control de Producción en Fábrica
3	Informe do Produto Tipo	3	Informe do Ensaio Inicial de Tipo
4	—	4	—

S. EVCP: Sistema de Avaliación e Verificación da Constancia de Prestacións

S. EC: Sistema de Avaliación da Conformidade

# DOCUMENTACIÓN



## Que documentación debe guardar o fabricante?

As autoridades de vixilancia do mercado poden solicitar os seguintes documentos que deben estar convintemente arquivados polo fabricante:

### Ensaio inicial

Resultados da avaliación das características esenciais, ensaios, valores tabulados, etc.

### Procedemento de Control de Producción en Fábrica

### Certificado(s) de Organismo(s) Notificado(s)

Consonte o Sistema EVCP

### Avaliación Técnica Europea (ETE) VÍA EOTA

### Documentación Técnica Adecuada

Se a declaración inclúe ensaio compartido ou declaración en cascada

### Documentación Técnica Específica

Microempresas que utilizan procedementos simplificados



## Que documentos deben acompañar ao produto?

### Declaración de prestacións

Este documento contén toda a **información sobre o fabricante, o produto e as prestacións do mesmo**. O marcado CE é só un resumo da información que contén a declaración de prestacións. Debe traducirse a todos os idiomas esixidos polos Estados membros nos que se pretende comercializar.

**Se se incorpora a unha páxina web e se inclúe unha ligazón ao mesmo no mercado CE, non será necesario enviala co produto, excepto se o cliente o solicita.** (Ver exemplo no apartado 14)

### Etiqueta marcado



Debe ser **visible, lexible e indeleble**. Se debido á natureza do produto non é posible fixala, ou a fixación non ofrece suficientes garantías, pode adherirse ao envase, se existe, ou ben aos documentos que o acompañan.

**É posible modificar o diseño da etiqueta CE** ou a orde na que se presenta a información, omitir os apartados sen contido ou combinar a información, se iso facilita a comprensión do documento, pero **o seu contido debe ser o que se indica no artigo 9 del RPC**. (Ver exemplo no apartado 14)

### Instrucións e información sobre seguridade

O fabricante debe redactar as **instrucións e información de seguridade** que se esixen para a utilización do produto. Estes documentos deben acompañar o produto ata o consumidor.

### Información REACH

**Só esixible no caso de que o produto sexa unha substancia ou unha mestura**, algo pouco probable en produtos de construción de madeira.

En caso de ser necesario, deben redactarse todos os documentos que esixe o Regulamento REACH.

## PROCEDIMENTOS SIMPLIFICADOS

### Características esenciais que non requiren de ensaio

- **Aquelas** sobre as que a **Comisión Europea publica un acto xurídico que acepta un valor xenérico a nivel europeo**. Os Actos delegados pódense consultar na seguinte [LIGAZÓN](#).
- Hai que **elaborar un documento “Documentación Técnica Adecuada”** que explique que o produto en cuestión está amparado por ese acto xurídico. En caso de que a característica esencial corresponda ao **Sistema EVCP 1 o 1+**, un **Organismo Notificado** ten que darlle validez a este documento.
- **Exemplo:** a capacidade de protección contra incendios dos tableiros derivados da madeira e frisos entaboados de madeira maciza, cando se utilizan para cubrir paredes e teitos, queda definida no Regulamento Delegado (UE) N. ° 1291/2014 da Comisión, sen necesidade de ensaios.

### Avaliación compartida con outros fabricantes

Débase elaborar unha “**Documentación Técnica Adecuada**” que conteña:

- Os **resultados do ensaio** obtidos por outro fabricante
- Unha **autorización do fabricante** para utilizar eses resultados
- Documentos que certifiquen que ambos fabricantes usan os **mesmos procedementos e as mesmas materias primas**.



## Procedemento en cascada

Aplicase cando o fabricante usa distintos compoñentes cuxo provedor xa avaliou algunhas das súas características esenciais; entón é posible empregar os ensaios do provedor. É necesario elaborar unha “**Documentación Técnica Adecuada**” que inclúa:

- Os **resultados dos ensaios** obtidos polo provedor do sistema
- Unha **autorización do provedor** para utilizar eses resultados
- **Documentos que certifiquen que se realizou unha avaliación dos compoñentes ou do sistema no seu conxunto**, o que tamén significa que o sistema foi montado seguindo as instrucións pertinentes.

## Microempresas

(Menos de 10 traballadores e menos de 2 millóns de euros de facturación anual)

- Poderán **substituír o ensaio tipo** por métodos que difiran dos incluídos na norma harmonizada aplicable, demostrando que o produto cumpre cos requisitos aplicables a través da **Documentación Técnica Específica**, así como a equivalencia dos métodos utilizados cos procedementos establecidos nas normas harmonizadas.
- Poderán **tratar produtos de construción aos que se aplica o sistema EVCP 3 segundo o disposto no Sistema 4**.

## O Mercado CE caduca?

O Mercado CE é válido de forma indefinida salvo que se dean os seguintes casos:

- Se se modifican as características declaradas do produto.
- Se cambia a normativa e se modifican os criterios de avaliación da conformidade do produto ou os seus métodos de ensaio.



## Cando debe facerse unha nova avaliación?

### ■ Produtos novos

Cada vez que se fabrica un produto novo, todos os procesos deben repetirse, que inclúe, se procede, a contratación dun Organismo Notificado (ON) e dun Organismo de Avaliación Técnica (OET).

### ■ Cambios na produción

Se o fabricante introduce cambios ou axustes na produción ou se detectan cambios no control de produción de fábrica, deberase comprobar que o rendemento do produto non variou, para cada unha das características esenciais. Se se produce un cambio, o fabricante debe axustar a produción para que se volvan a obter as prestacións declaradas, ou realizar de novo todos os EVCP (para aquelas características esenciais que cambiaron).

Se se segue a vía EOTA, os cambios nas prestacións non só implican a intervención dos organismos notificados, senón tamén a dos organismos de avaliación técnica, xa que podería requirir unha actualización da ETE.

## ► É vixente un mercado CE elaborado no marco da Directiva derogada?

- Si, é vixente sempre que o produto fora posto no mercado **de acordo coa Directiva 89/106/CEE, antes do 1 de xullo de 2013**; información contida na Declaración de Prestacións (DdP).
- Se o **Mercado CE é posterior ao 1 de xullo de 2013**, debe ser **de acordo co Regulamento**, tendo en conta os seguintes aspectos:
  - As **Guías DITE** emitidas antes do 1 de xullo de 2013 poden **ser utilizadas como DEE para a emisión de ETE** (Art. 66.3 do Regulamento). A Comisión Europea espera que durante o ano 2020 todas as antigas Guías DITE se convertan en DEE.

# EXEMPLOS DE DECLARACIÓN DE PRESTACIONES E MARCADO CE

## DECLARACIÓN DE PRESTACIONES

N.º \_\_\_\_

1. Código de identificación única do produto tipo: .....
2. Usos previstos: .....
3. Fabricante: .....
4. Representante autorizado: .....
5. Sistemas de Avaliación e Verificación da Constancia das Prestacións (EVCP): .....
- 6a. Norma harmonizada: .....  
Organismos Notificados: .....
- 6b. Documento de Avaliación Europeo:.....  
Avaliación Técnica Europea: .....  
Organismo de Avaliación Técnica: .....  
Organismos Notificados: .....
7. Prestacións declaradas: .....
8. Documentación técnica adecuada ou documentación técnica específica: .....

As prestacións do produto identificado anteriormente son conformes co conxunto de prestacións declaradas. A presente declaración de prestacións emítese, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 305/2011, baixo a única responsabilidade do fabricante arriba identificado.

Asinado por e en nome do fabricante por:

[nome].....

En [lugar]..... o [data de emisión].....

[Sinatura].....

 0123	
<b>Fabricante XX/Enderezo</b> <b>País</b> <b>20</b> 00001-CPR2019/06/15	
<b>EN 14080:2013</b> <b>Produto Xxxxxx</b> <b>C24/M/DG/PCAB/</b> Madeira clasificada pola súa resistencia para uso en edificios e pontes	
<b>Resistencia mecánica</b>	
Especie	PCAB
Clase de resistencia	C24
<b>Reacción ao lume</b>	D-s2,d0
<b>Durabilidade biolóxica, como:</b>	
- Fungos xilófagos	Clase 4
- Insectos	SH
- Termitas	SH
- Xilófagos mariños	S

*Marcado CE, formado polo símbolo "CE"*

*Número de identificación do organismo notificado de certificación de control de produción*

*Nome e enderezo rexistrado do fabricante, ou marca identificadora*

*Os dous últimos díxitos do ano no que se fixou o marcado por primeira vez*

*Número de referencia da DdP*

*Código da norma europea de aplicación, como se cita no DOUE*

*Código de identificación único do produto tipo*

*Descrición da madeira*

*Uso previsto do produto como se indica na norma europea aplicada*

*Nivel ou clase de prestacións declarada*

## TAREFAS E OBRIGAS DOS AXENTES ECONÓMICOS

### Quen é o responsable de que un Produto teña o Marcado CE ?

A efectos do Regulamento, “calquera importador ou distribuidor será considerado un fabricante e, polo tanto, estará suxeito ás obrigas do fabricante en virtude do artigo 11 cando introduce un produto no mercado co seu nome ou marca comercial ou modifica un produto de construción que xa foi introducido no mercado para que se poida ver afectada a súa conformidade coa declaración de prestacións”.

AXENTES	EVCP (1)	DECLARACIÓN DE PRESTACIÓNS	MARCADO CE
FABRICANTE	SI	Elaborar e emitir	Elaborar e colocar
REPRESENTANTE AUTORIZADO	NON	Transmitila (para vixilancia do mercado)	Transmitilo (para vixilancia do mercado)
IMPORTADOR	NON + Asegurarse de que o fabricante a fai	Asegurarse de que dispón dela + Emitila co seu nome (2)	Asegurarse de que o ten + Colocalo co seu nome (2)
DISTRIBUIDOR	NON + Asegurarse de que o fabricante a fai	Asegurarse de que dispón dela + Emitila co seu nome (2)	Asegurarse de que o ten + Colocalo co seu nome (2)

(1) Avaliación e Verificación da Constancia de Prestacións.

(2) Nestes casos, os importadores ou distribuidores terán que solicitar e acordar co fabricante a transferencia destes documentos (ou a información necesaria para preparalos), que en principio serían os mesmos emitidos polo fabricante, pero substituíndo os datos de identificación do fabricante polos do importador ou distribuidor.



DOCUMENTACIÓN  
TÉCNICAINFORMACIÓN DE  
SEGURIDADE

Elaborala

Elaborala + Acompañar  
o produtoTransmitila  
(para vixilancia do  
mercado)Transmitila  
(para vixilancia  
do mercado)Asegurarse de que se  
dispón dela (2)Asegurarse de que o  
fabricante dispón dela  
+ Acompañar o produtoAsegurarse de que se  
dispón dela (2)Asegurarse de que o  
fabricante dispón dela  
+ Acompañar o produto


## Axentes económicos

- **Fabricante:** Calquera persoa física ou xurídica que fabrique un produto de construción ou que ordene o deseño ou a fabricación dun produto de construción e o comercialice baixo o seu nome ou marca comercial.
- **Representante Autorizado:** Calquera persoa física ou xurídica establecida na Unión que recibira un mandato por escrito dun fabricante para actuar no seu nome en tarefas específicas.
- **Importador:** Calquera persoa física ou xurídica establecida na Unión que introduce un produto dun terceiro país no mercado da Unión.
- **Distribuidor:** Calquera persoa física ou xurídica da cadea de subministración, que non sexa o fabricante ou o importador, que comercialice un produto de construción.



## PASO A PASO

Este apartado recolle a modo de **Checklist os pasos que debe seguir o fabricante** para levar a termo o marcado CE. Todos eles son **responsabilidade do fabricante** aínda que para iso pode confiar noutras entidades externas (asesoramento técnico, laboratorios...)

01	<p>Buscar <b>norma harmonizada</b> publicada no DOUE que cubra o produto e o seu campo de aplicación.</p>
<p>Se o produto está cuberto pola <b>norma harmonizada</b>, seguir <b>Vía CEN no punto 02</b>.          Se <b>non existe norma harmonizada</b> que cubra o produto, seguir <b>Vía EOTA no punto 13</b>.</p>	
02	<p>Buscar <b>Características Esenciais</b> e <b>sistema(s) EVCP</b> no <b>Anexo ZA</b> da norma harmonizada.</p>
03	<p>Buscar <b>normativas nacionais</b> nos <b>Estados membros nos que vai comercializar</b> o produto, para identificar se existen outros requisitos. Pódese preguntar nos <b>Puntos de contacto de produtos</b> de cada país.</p>
04	<p>Realizar as <b>tarefas establecidas no sistema EVCP</b> e <b>contratar Organismo Notificado</b> se é necesario.</p>
05	<p><b>Recompilar a documentación de referencia</b> (conservalo durante 10 anos dende a última venda):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ensaio inicial de produto</b> (resultados da avaliación das características esenciais, ensaios, valores tabulados, etc.)</li> <li>• Procedemento de <b>Control de Producción en Fábrica</b></li> <li>• <b>Certificado(s)</b> do(s) <b>organismo(s) notificado(s)</b> se procede</li> <li>• <b>Documentación Técnica Adecuada, ou Específica</b>, se procede</li> </ul>
06	<p>Redactar a <b>Declaración de Prestacións (DdP)</b>, coa documentación de referencia, en todos os idiomas dos Estados membros nos que se comercialice. Subir a DdP á web do fabricante (opcional). Conservar una copia durante 10 anos dende a última venda.</p>

## PASO A PASO

07	Elaborar o <b>marcado CE</b> e colocalo no produto.
08	Redactar as <b>instrucións</b> e a <b>información sobre seguridade do produto</b> .
09	Se o produto contén algunha <b>substancia perigosa</b> que entra no ámbito do <b>Regulamento REACH</b> , cumprir cos requisitos que esixe dito Regulamento.
10	Achegar os documentos obrigatorios ao produto no momento de introducilo no mercado.
11	Continuar as actividades de EVCP establecidas na DdP.
12	Se se producen <b>cambios nas prestacións, nas materias primas, nos procesos de fabricación ou se leva a cabo unha modificación significativa da norma harmonizada; comezar de novo dende o punto 04.</b>
<b>Vía EOTA</b> (en caso de que non exista norma harmonizada que cubra o produto):	
13	<b>Buscar</b> se hai un <b>DEE</b> (Documento de Avaliación Europeo) que cubra o produto e o seu ámbito de aplicación.
14	Se non hai un DEE, solicitar o desenvolvemento dun DEE a un OET (Organismo de Avaliación Técnica).
15	Contrata a <b>emisión dunha ETE</b> (Avaliación Técnica Europea) a un OET, <b>baseado nun DEE</b> .
16	Realizar as <b>tarefas establecidas no sistema EVCP</b> e <b>contratar Organismo Notificado</b> se é necesario.

17	<p><b>Recompilar a documentación de referencia</b> (conservalo durante 10 anos dende a última venda):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Procedemento de <b>Control de Producción en Fábrica</b></li> <li>• <b>Certificado(s)</b> do(s) <b>Organismo(s) Notificado(s)</b>, se procede</li> <li>• <b>Avaliación Técnica Europea (ETE)</b></li> <li>• <b>Documentación Técnica Adecuada, ou Específica</b>, se procede</li> </ul>
18	<p>Redactar a <b>Declaración de Prestacións</b> (DdP), coa documentación de referencia, en todos os idiomas dos Estados membros nos que se comercialice. Subir a DdP á web do fabricante (opcional). Conservar una copia durante 10 anos dende a última venda.</p>
19	<p>Elaborar o <b>marcado CE</b> e colocalo no produto.</p>
20	<p>Redactar as <b>instrucións</b> e a <b>información sobre seguridade do produto</b>.</p>
21	<p>Se o produto contén algunha <b>substancia</b> que entra no ámbito do <b>Regulamento REACH</b>, cumprir cos requisitos que esixe dito Regulamento.</p>
22	<p>Achegar os documentos obrigatorios ao produto no momento de introduci-lo no mercado.</p>
23	<p>Continuar as actividades de EVCP establecidas na DdP.</p>
24	<p>Se se producen <b>cambios nas materias primas ou nos procesos de fabricación</b>, o OET debe avaliar <b>se é necesaria unha actualización do ETE</b>.  Se se producen <b>cambios nas prestacións ou se leva a cabo unha modificación significativa do DEE</b>; <b>comezar de novo dende o punto 15</b>.</p>



## FICHAS DE PRODUTOS DE MADEIRA PARA A CONSTRUÇÃO CON MARCADO CE OBRIGATORIO

F.00	Contido das fichas e aspectos importantes	39
<b>P.E.</b>	<b>PRODUTOS ESTRUTURAIS</b>	42
E.01	Madeira aserrada estrutural	43
E.02	Madeira maciza estrutural con empalmes <i>finger-joint</i>	45
E.03	Madeira laminada e madeira maciza encolada	47
E.04	Madeira microlaminada	49
E.05	Taboleiros derivados da madeira de uso estrutural	51
E.06	Armazóns prefabricados con conectores de placa cravo	55
<b>P.C.</b>	<b>PRODUTOS DE CARPINTARÍA</b>	60
C.07	Taboleiros derivados da madeira de uso NON estrutural	61
